

Orde do 28 de xaneiro de 2011 pola que se establecen as normas de pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia durante a tempada 2011.

Os artigos 46º e 47º do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio), recollen a obriga da Administración de adoptar, mediante unha orde anual, as normas xerais de pesca fluvial de distintas especies ictícolas e dos demais seres vivos que habitan as augas continentais de Galicia.

Neste sentido, establécense nestes artigos os contidos mínimos das normas xerais que deben figurar na orde, así, épocas hábiles, tamaños mínimos das especies e as cotas de captura, tipos de engado que se empregarán con cada especie e as modalidades de pesca permitidas, prevéndose, así mesmo, a súa aprobación polo conselleiro do Medio Rural e a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27º.15 do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Normas para a pesca do salmón.*

1. Períodos hábiles.

a) Coutos de Abres, A Pontenova e San Tirso.

Couto de Abres: do 1 de maio ao 15 de xullo.

Couto da Pontenova, lotes 1, 2 e 3: do 1 de maio ao 15 de xullo.

Couto da Pontenova, lote 4 (O Cairo): do 1 de maio ao 15 de xuño. Pesca sen morte do 16 de xuño ao 15 de agosto.

Couto da Pontenova, lote 5 (Pedrido): pesca sen morte do 1 de maio ao 15 de agosto.

Couto de San Tirso, lote 1 (Piago Maior): vedado.

Couto de San Tirso, lote 2 (Estreitos): pesca sen morte do 1 de maio ao 15 de agosto.

Couto de San Tirso, lote 3 (Louredal): pesca sen morte do 1 de maio ao 15 de agosto.

b) Coutos de Betanzos, Celeiro, Couso, Frieira, Monteporreiro, Salmeán, Sinde e Ximonde: do 1 de maio ao 31 de xullo. Poderá adiantarse o remate da tempada en función das cotas de captura que se establecen máis adiante. Nos coutos do río Ulla, entre o remate anticipado da tempada e o 31 de xullo, poderá practicarse a pesca sen morte do salmón.

c) Outras masas de auga: non se autoriza a captura do salmón.

2. Dimensións mínimas e cotas de captura.

a) Para os efectos do disposto no artigo 20º da Lei de pesca fluvial e no 71º do seu regulamento, fíxase unha dimensión mínima de 40 cm.

b) Cota de captura por persoa e xornada: un exemplar.

c) Cotas anuais de captura: 8 exemplares no río Lérez, 5 no río Mandeo, 15 no río Masma, 5 no río Miño, 10 no couto de Salmeán e 35 no río Ulla. No resto dos coutos autorizados no río Eo non se establece cota anual de captura.

d) Distribución da cota no río Ulla: coa captura dos 25 primeiros salmóns, finalizarase a tempada no couto de Ximonde, permanecendo hábiles os coutos de Couso e Sinde para a captura dos 10 salmóns restantes.

3. Engados.

a) Engados artificiais autorizados: mosca artificial, culleriña e peixes artificiais ou semellantes.

Do 1 de xuño ata a fin da tempada os engados artificiais só poderán ter un anzol simple.

No couto de Abres, a partir do 16 de xuño só poderán empregarse a culleriña dun só anzol sen arponciño e a mosca artificial.

Para a pesca sen morte do salmón no río Eo, autorízanse unicamente a culleriña dun só anzol sen arponciño e a mosca artificial.

Para a pesca sen morte do salmón no río Ulla, autorízase unicamente a mosca artificial con anzol sen arponciño.

A culleriña de tamaño menor ou igual a 6,5 cm poderá empregarse para a captura doutras especies en coutos de salmón, de conformidade co disposto nos artigos 2º e 3º desta orde.

b) Engados naturais autorizados: miñoca e quisquilla. Só poderán empregarse con anzóis de dimensións maiores ou iguais ás que se sinalan no anexo I desta orde.

4. Prescricións especiais para as capturas de salmón.

As capturas accidentais de salmón fóra da tempada hábil e máis as capturas en tramos de pesca sen morte non poderán quitarse fóra da auga, sendo obrigatorio, de ser preciso, cortar a sedela para liberar o peixe.

En todos os salmóns capturados comprobarase a existencia de micromarcas magnéticas na cartilaxe nasal no momento de seren precintados e guiados.

Dado que os salmóns micromarcados proceden das repoboacións efectuadas pola Administración galega ou por outras administracións españolas ou estranxeiras, débense recuperar as micromarcas mediante a extracción dun fragmento da cartilaxe nasal no que se atope a citada micromarca magnética. Nestes casos, deberase prestar a colaboración necesaria e permitir a permanencia do salmón no centro de precintaxe o tempo necesario para a recuperación da micromarca magnética, propiedade da Administración autora da repoboación.

Artigo 2º.-*Normas para a pesca do reo.*

1. Períodos hábiles.

a) Coutos de Celeiro (lotos 2 e 3), Couso, Lambre, Monteporreiro, Noia, Noval, Ombre, Ponte Arnelas, A Ponte do Porto, Ribeiras, Segade, Sinde, Viveiro (lotos 2 e 3), Ximonde e Xuvia: do 1 de maio ao 30 de setembro.

b) Couto de Betanzos: do 1 de maio ao 15 de setembro.

c) Coutos de Abres, A Pontenova e San Tirso: iguais períodos hábiles e réximes de pesca que no caso do salmón, rematando en todos os casos a tempada o 15 de agosto.

d) Zonas de desembocadura (anexo do Decreto 282/2002): non se autoriza a captura do reo.

e) Outras masas de auga: do 1 de maio ao 15 de agosto.

2. Dimensións mínimas e cotas de captura.

a) Para os efectos do disposto no artigo 20º da Lei de pesca fluvial e no 71 do seu regulamento, fíxase unha dimensión mínima de 35 cm.

b) Cota de captura por persoa e xornada: 5 exemplares.

c) No couto de Abres e nos tramos autorizados do couto da Pontenova, a dimensión mínima será de 25 cm e a cota de captura por persoa e xornada será de 8 troitas ou reos.

d) No tramo do río Umia comprendido entre o límite superior do couto de Caldas de Reis e o límite superior da zona de desembocadura, a cota diaria de captura por persoa e xornada será de 2 reos.

3. Engados.

a) Engados artificiais autorizados: mosca artificial, culleriña, risco e peixes artificiais e semellantes.

b) Engados naturais autorizados: todos os engados naturais agás todo tipo de ovas de peixes e o peixe natural vivo, morto ou en anacos. Os engados naturais só poderán empregarse con anzois de dimensións maiores ou iguais ás que se sinalan no anexo I desta orde.

c) Prescricións especiais para engados artificiais nas masas de auga salmoneiras do anexo II, incluídos os coutos de salmón: do 1 de xuño ata a fin da tempada os engados artificiais só poderán ter un anzol simple. A culleriña e mais os peixes artificiais e semellantes só poderán empregarse con sedela monofilamento dun diámetro menor ou igual a 0,2 mm, prohibíndose a utilización de sedela trenzada. A culleriña terá un tamaño máximo de 6,5 cm, medidos entre a argola superior e a curvatura do anzol. Do 1 de xuño ata a fin da tempada prohibese a culleriña no tramo salmoneiro do Landro e mais no tramo do río Masma augas abaixo da Ponte da Cazolga (límite superior do couto de Celeiro). No tramo salmoneiro do río Eo prohibense os peixes artificiais e semellantes, e para a pesca con culleriña aplicaranse as mesmas normas que no caso do salmón, recollidas no artigo 1º.

d) Prescricións especiais para cebos naturais nas masas de auga salmoneiras do anexo II: unicamente se autorizan a mosca natural, o saltón, o grilo, o besbello (larva de odonato) e mais a gusarapa ou bechocho (larva de efemeróptero). Estes engados naturais autorizados unicamente poderán empregarse a floreo (en superficie). No tramo salmoneiro do río Landro e mais no tramo do río Masma augas abaixo da Ponte da Cazolga (límite superior do couto de Celeiro) prohibense os engados naturais.

Artigo 3º.-*Normas para a pesca da troita.*

1. Períodos hábiles.

a) Masas de auga salmoneiras do anexo II desta orde: do 1 de maio ao 15 de agosto.

b) Masas de auga de reo do anexo III desta orde: do 1 de maio ao 15 de agosto.

c) Cabeceiras de ríos de montaña do anexo IV desta orde: do 1 de maio ao 15 de agosto.

d) Coutos e tramos de pesca sen morte: do 20 de marzo ao 30 de setembro con carácter xeral, aprazándose o inicio da tempada ata o 1 de maio nos casos de masas de auga salmoneiras, masas de auga de reo ou cabeceiras de ríos de montaña.

e) Coutos de pesca intensiva: do 20 de marzo ao 30 de setembro.

f) Coutos de Abres, A Pontenova e San Tirso: iguais períodos hábiles e réximes de pesca que no caso do salmón, rematando en todos os casos a tempada o 15 de agosto.

g) Tramo do río Navia compartido con Asturias: do 1 de abril ao 31 de xullo.

h) Tramo do río Bibei compartido con Zamora: do 3 de abril ao 31 de xullo.

i) Outras masas de auga: do 20 de marzo ao 15 de agosto.

j) Zonas de desembocadura (anexo do Decreto 282/2002): non se autoriza a captura da troita común (*Salmo trutta*).

2. Dimensións mínimas e cotas de captura.

a) Para os efectos do disposto no artigo 20º da Lei de pesca fluvial e no 71º do seu regulamento, fíxase unha dimensión mínima de 19 cm con carácter xeral, sen prexuízo das normas específicas que se establecen neste mesmo artigo para determinadas masas de auga.

Cota máxima de captura por persoa e xornada: 10 exemplares, sen prexuízo das normas específicas que se establecen neste mesmo artigo para determinadas masas de auga.

b) Normas específicas en masas de auga do anexo V: dimensión mínima 21 cm e cota de 8 exemplares por persoa e xornada.

c) Normas específicas en toda a masa de auga dos encoros dos anexos VI e VII: dimensión mínima 23 cm e cota de 5 exemplares por persoa e xornada.

d) Normas específicas no couto de Abres e nos tramos autorizados do couto da Pontenova: dimensión mínima 25 cm e a cota de 8 troitas ou reos por persoa e xornada.

e) No tramo do río Umia comprendido entre o límite superior do couto de Caldas de Reis e o límite superior da zona de desembocadura, a cota diaria de captura por persoa e xornada será de 5 troitas.

f) Normas específicas nos coutos de pesca: no anexo X recóllense as dimensións mínimas e as cotas de captura específicas de cada couto de pesca.

g) Nunha masa de auga concreta non se poderá estar en posesión de troitas de menor tamaño có autorizado, mesmo cando fosen pescadas noutro lugar, agás no caso de que se estea de paso, con todos os aparellos e engados recollidos e, se é o caso, as canas pregadas.

h) Nos ríos nos que haxa troita e mais reo, só se poderá capturar un número de pezas igual ao da cota da troita, sen que o número de reos supere a súa propia cota. Nos casos concretos do couto de Abres e dos tramos autorizados do couto da Pontenova, a cota será de 8 troitas ou reos por persoa e xornada.

i) Os salmónidos procedentes de fuxidas accidentais de centros de acuicultura, caso da troita arco da vella (*Oncorhynchus mykiss*), poderán ser capturados sen límite no tamaño mínimo nin na cota de captura.

3. Engados.

a) Engados artificiais autorizados: mosca artificial, culleriña e peixes artificiais e semellantes.

b) Engados naturais autorizados: todos os engados naturais agás todo tipo de ovas de peixes e o peixe natural vivo, morto ou en anacos. Os engados natu-

rais só poderán empregarse con anzois de dimensións maiores ou iguais ás que se sinalan no anexo I desta orde.

c) Prescricións especiais para cebos artificiais nas masas de auga salmoneiras do anexo II, incluídos os coutos de salmón: do I de xuño ata a fin da tempada os engados artificiais só poderan ter un anzol simple. A culleriña e mais os peixes artificiais e semellantes só poderán empregarse con sedela monofilamento dun diámetro menor ou igual a 0,2 mm, prohibíndose a utilización de sedela trezada. A culleriña terá un tamaño máximo de 6,5 cm, medidos entre a argola superior e a curvatura do anzol. Do I de xuño ata a fin da tempada, prohibese a culleriña no tramo salmoneiro do Landro e mais no tramo do río Masma augas abaixo da Ponte da Cazolga (límite superior do couto de Celeiro). No tramo salmoneiro do río Eo prohibese os peixes artificiais e semellantes, e para a pesca con culleriña aplicaranse as mesmas normas que no caso do salmón, recollidas no artigo 1º.

d) Prescricións especiais para cebos naturais nas masas de auga salmoneiras do anexo II: unicamente se autorizan a mosca natural, o saltón, o grilo, o besbello (larva de odonato) e mais a gusarapa ou bechocho (larva de efemeróptero). Estes engados naturais autorizados unicamente poderán empregarse a floreo (en superficie). No tramo salmoneiro do río Landro e mais no tramo do río Masma augas abaixo da Ponte da Cazolga (límite superior do couto de Celeiro) prohibese os engados naturais.

e) Outras prescricións especiais para engados naturais: no anexo VIII establécense as masas de auga nas que se prohíbe o engado natural a partir do I de xullo. Outras prescricións especiais para engados naturais recóllense nos réximes especiais do anexo XII.

Artigo 4º.-*Normas para a pesca dos ciprínidos e da perca negra.*

1. Períodos hábiles.

a) Masas de auga salmoneiras do anexo II desta orde: do 1 de maio ao 15 de agosto.

b) Masas de auga de reo do anexo III desta orde: do 1 de maio ao 15 de agosto.

c) Cabeceiras de ríos de montaña do anexo IV desta orde: do 1 de maio ao 15 de agosto.

d) Encoros do anexo VII: todo o ano.

e) Outras masas de auga: do 20 de marzo ao 15 de agosto.

2. Engados.

a) Engados artificiais autorizados: mosca artificial, culleriña, peixes artificiais, engados de superficie (comunmente coñecidos como *poppers e plugs*) e engados de materiais plásticos ou semellantes (comunmente coñecidos como vinilos).

b) Engados naturais autorizados: todos os engados naturais agás todo tipo de ovas de peixes e o peixe natural vivo, morto ou en anacos. Os engados naturais só poderán empregarse con anzois de dimensións maiores ou iguais ás que se sinalan no anexo I desta orde.

c) Con carácter xeral, prohíbense aqueles engados e tamaños de anzol prohibidos para salmón ou reo na mesma masa de auga e no mesmo período.

d) Autorízase cebar as augas para a captura de ciprínidos nos encoros do anexo VII. Esta ceba das augas poderá realizarse con engados vexetais ou pensos.

e) A partir do 15 de agosto, nos encoros do anexo VII e nos tramos autorizados todo o ano poderanse empregar anzois de calquera tamaño para a captura de ciprínidos con engados vexetais ou *asticot*, quedando prohibidos outros engados. No mesmo período, para a captura de perca negra poderanse empregar, ademais dos anteriores, peixes artificiais, engados de superficie (comunmente coñecidos como *poppers* e *plugs*) e engados de materiais plásticos ou semellantes (comunmente coñecidos como vinilos).

Artigo 5º.-*Normas para a pesca da saboga (Alosa fallax).*

1. Períodos hábiles.

a) Tramo do río Ulla comprendido entre a presa de Couso e a desembocadura: do 1 de maio ao 8 de xuño.

b) Outras masas de auga: non se autoriza a captura da saboga.

2. Dimensións mínimas e cotas de captura.

a) Para os efectos do disposto no artigo 20 da Lei de pesca fluvial e no 71º do seu regulamento, fíxase unha dimensión mínima de 30 cm.

b) Cota de captura por persoa e xornada: cinco exemplares.

3. Engados.

Con carácter xeral, prohíbense aqueles engados e tamaños de anzol prohibidos para salmónidos na mesma masa de auga e no mesmo período.

Artigo 6º.-*Normas para a pesca da anguía.*

Védase a pesca deportiva da anguía en todas as augas continentais da comunidade autónoma e en todas as fases do ciclo vital da especie, incluíndo, en todo caso, os exemplares denominados comunmente como angula ou meixón.

Artigo 7º.-*Réxime especial da lamprea.*

A pesca da lamprea autorízase unicamente nos ríos Tea e Ulla.

As normas de pesca son as que se recollen na Resolución do 18 de outubro de 2010, do Departamento

Territorial de Pontevedra, pola que se dita a normativa para a pesca da lamprea no río Ulla e se fixa o período e condicións para presentar as solicitudes para a súa adxudicación no ano 2011 (DOG nº 209, do 29 de outubro de 2010) e mais na Resolución do 18 de outubro de 2010, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se dita a normativa para a pesca da lamprea no río Tea e se fixa o período e condicións para presentar as solicitudes para participar no sorteo de postos de pesca no ano 2011 (DOG nº 209, do 29 de outubro de 2010).

Artigo 8º.-*Réxime especial do cangrexo vermello americano e do cangrexo sinal.*

1. Períodos hábiles.

a) Encoros de Sabón, As Forcadas e Cecebre (agás tramos vedados): todo o ano.

b) Ríos Sil e Bibe: todo o ano.

c) Ríos Furnia, Hospital e Pego (afluentes do Baixo Miño) augas abaixo da estrada PO-552 (Vigo-Tui) en todos os casos: todo o ano.

d) Canles e charcas da antiga lagoa de Antela, charcas dos Milagres (concello de Maceda), charcas de Rioseco (concello de Paderne de Allariz), charcas de Niñodagua (concello de Xunqueira de Espadanedo) e graveiras de Oímbra (concello de Oímbra): todo o ano.

e) Tramo do río Xallas entre a presa de Ventín e a presa do encoro da Fervenza, incluíndo o tramo vedado augas abaixo da citada presa de Ventín: do 20 de marzo ao 15 de agosto.

f) Encoros de Belesar e Os Peares, nos tramos incluídos no réxime especial de encoros do anexo VII: todo o ano.

g) Outras masas de auga: non se autoriza a captura do cangrexo vermello americano.

2. Dimensións mínimas e cotas de captura.

Non se establecen dimensións mínimas nin cotas de captura.

3. Artes de pesca.

A única arte autorizada é o retel. Cada persoa só poderá empregar un máximo de 10 reteis.

4. Normas adicionais.

a) Cada persoa non ocupará cos seus reteis máis de 100 m de río ou de beira de encoro.

b) Prohíbese a comercialización das capturas.

c) Todas as capturas deberán ser sacrificadas na zona de pesca, para isto, inmediatamente despois da captura de cada animal haberá que quitarlle o apén-dice central da cola, de tal xeito que se saque tamén parte do tubo dixestivo do animal.

d) En función da evolución da tempada, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, por proposta do Servizo de Conservación da Natureza do Departamento Territorial, poderá restrinxir a pesca nunha ou varias zonas, establecer cotas de captura, modificar as datas da campaña ou establecer cantas normas complementarias sexan precisas para garantir o correcto desenvolvemento da temporada de pesca.

Artigo 9º.-*Réxime especial de especies de esteiro (robaliza, muxo, solla...).*

1. Períodos hábiles.

a) Masas de auga salmoneiras do anexo II desta orde: do 1 de maio ao 15 de agosto, ou ata a finalización da tempada do reo naqueles coutos autorizados ata o 30 de setembro.

b) Masas de auga de reo do anexo III desta orde: do 1 de maio ao 15 de agosto, ou ata a finalización da tempada do reo naqueles coutos autorizados ata o 30 de setembro.

c) Zonas de desembocadura (anexo do Decreto 282/2002): todo o ano.

d) Outras masas de auga: do 20 de marzo ao 15 de agosto.

2. Dimensións mínimas e cotas de captura.

a) A dimensión mínima de captura para cada unha destas especies será a establecida na normativa de pesca marítima.

b) A cota máxima de capturas por persoa e día será de 5 kg para o total de pezas capturadas, podendo non computarse o peso dunha peza. Só se permitirá a tenza dunha peza que exceda o peso do tope establecido.

3. Engados.

Engados autorizados: xorra ou becho de mar (*Nereis sp*), pulga de mar ou miolo de pan. Así mesmo, autorízase a pesca deportiva de cefalópodos con poteira.

Artigo 10º.-*Especies vedadas.*

Védanse en todas as masas de auga as seguintes especies: cangrexo de río (*Austropotamobius pallipes pallipes*), reñosa (*Rutilus arcasii*), espiñento (*Gasterosteus aculeatus*), sáballo (*Alosa alosa*) e anguía (*Anguilla anguilla*).

Artigo 11º.-*Xornadas hábiles.*

Con carácter xeral, decláranse os luns como inhábiles para a pesca, agás festivos nacionais ou autonómicos.

Nos coutos de pesca serán tamén inhábiles os xoves, agás festivos nacionais ou autonómicos.

Nos tramos do río Navia compartidos con Asturias serán inhábiles os xoves, agás festivos nacionais.

Nas zonas de desembocadura (anexo do Decreto 282/2002) e mais nos encoros nos que se autoriza a pesca de ciprínidos e perca negra durante todo o ano (anexo VII) serán hábiles todos os días da semana para a captura de especies distintas dos salmónidos.

Excepcionalmente, e logo de resolución do director xeral de Conservación da Natureza, nas xornadas inhábiles poderanse expedir permisos de pesca en coutos para atender aqueles compromisos institucionais que o requiran ou para compensar os erros que se poidan producir no sistema de expedición de permisos de pesca.

Artigo 12º.-*Horas de pesca.*

De conformidade co disposto no artigo 31º.3 da Lei de pesca fluvial, só se poderá practicar a pesca no período comprendido entre unha hora antes da saída do sol e unha hora despois da posta. As horas oficiais serán as establecidas na páxina web de MeteoGalicia (<http://www.meteogalicia.es/galego/prediccion/orto/orto.asp>), debéndose tomar como referencia a localidade máis próxima ao punto onde se estea pescando.

Dez minutos antes do comezo e dez minutos despois da finalización da xornada de pesca todos os aparellos e engados deberán estar recollidos e, se é o caso, as canas pregadas.

Para a pesca do reo e co fin de harmonizar os horarios de pesca desta especie en todos os ríos de Galicia, recollense no anexo XIII desta orde os que resultan de aplicación durante a tempada de pesca de 2011.

Artigo 13º.-*Modalidades de pesca.*

Como regra xeral, e para todas as especies, só se autoriza a pesca con cana, sen prexuízo da regulamentación específica da anguía, angula ou meixón, lamprea, cangrexo vermello americano e cangrexo sinal.

Prohíbese o aparello coñecido como «de ninfa» e calquera outro semellante, lastrado no seu extremo e que arrastre polo fondo.

Artigo 14º.-*Canas de pescar e utensilios auxiliares.*

a) De conformidade co disposto no artigo 51º do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, para a pesca en tramos de ríos só se permite o emprego dunha cana por persoa, a unha distancia máxima do pescador ou pescadora de tres metros, e dunha sacadeira ou un lazo como elemento auxiliar.

b) Para a pesca desde embarcacións só se poderá empregar unha cana por persoa, autorizándose un máximo de tres canas por embarcación, aínda que o número de persoas embarcadas sexa maior.

c) Nas zonas de desembocadura (anexo do Decreto 282/2002) e nos encoros que se relacionan nos anexos VI e VII desta orde, autorízase o emprego de dúas canas desde a beira e a unha distancia máxima do pescador ou pescadora de tres metros.

Artigo 15º.-*Pesca a flote.*

De conformidade co disposto no artigo 17º do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, só se poderá pescar desde embarcacións ou artefactos boiantes nas zonas de desembocadura e naquelas masas de auga expresamente autorizadas nos anexos VI e VII desta orde, sen prexuízo das competencias dos organismos responsables da navegación e a flotación nas zonas de desembocadura ou nas masas de auga continentais.

Artigo 16º.-*Pesca sen morte.*

Nos coutos e tramos de pesca sen morte rexerán as seguintes normas:

-Autorízanse unicamente a mosca artificial nas súas distintas modalidades e a culleriña, en ambos os casos cun só anzol e sen arponciño, quedando prohibido para todos os efectos o engado natural.

-Todas as capturas deberán ser devoltas á auga inmediatamente despois da súa extracción.

-Non se poderá ter ningún peixe, aínda que fose pescado noutro tramo.

-Os mércores poderán reservarse os permisos de couto para actividades educativas, solicitadas por entidades interesadas na mellora do medio fluvial. Nestes casos expediranse os permisos gratuitamente, podéndose ampliar o número máximo de permisos por causas xustificadas.

No anexo IX recóllense os tramos libres nos que unicamente se poderá practicar a pesca sen morte.

Artigo 17º.-*Normativa dos coutos.*

Apróbase a normativa dos coutos de pesca que figura no anexo X desta orde.

Artigo 18º.-*Vedas e réximes especiais.*

a) Védanse as masas de auga que se relacionan no anexo XI desta orde.

b) Apróbanse os réximes especiais provinciais que figuran no anexo XII desta orde.

Disposicións adicionais

Primeira.-No caso dos coutos de salmón nos cales remate a tempada ao chegar á cota anual, quen teña permisos expedidos con anterioridade poderá solicitar a devolución do importe ou trocalos por permisos para troita ou reo en calquera couto, en función das disponibilidades do servizo do departamento territorial.

En todo caso, para o reintegro do importe, será preciso presentar unha solicitude escrita á que se xunte o permiso e mais unha copia do impreso de pagamento no que figuren os datos do titular do permiso.

Con carácter xeral, o prazo de solicitude para devolucións ou trocos será de dez días contados a partir do peche da tempada no couto; transcorrido este prazo, só procederá a devolución ou o troco cando se solicite antes da data de vixencia do permiso.

Segunda.-Facúltase o director xeral de Conservación da Natureza para ditar cantos actos e resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Terceira.-Facúltase o director xeral de Conservación da Natureza para facer as reservas dos permisos dos coutos de pesca de conformidade co disposto nos artigos 30º, 32º e 33º do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio). Estas reservas requirirán unha solicitude da entidade titular da reserva de permisos con antelación mínima de quince días, o informe favorable do Servizo de Conservación da Natureza do departamento territorial e, no caso dos concursos deportivos oficiais ou das entidades colaboradoras, a práctica da modalidade de pesca sen morte.

Cuarta.-Co obxecto de facilitar a preparación dos pescadores galegos seleccionados para participar en competicións nacionais e internacionais, a Federación Galega de Pesca, co visto e prace da Secretaría Xeral para o Deporte poderalle propoñer á Dirección Xeral de Conservación da Natureza a creación dun escenario deportivo en augas continentais da nosa comunidade autónoma, fóra do período hábil de pesca.

A solicitude haberá de ir acompañada coa identificación dos pescadores e, se é o caso, dos seus adestradores e nela especificaranse as datas dos adestramentos que se pretenden autorizar.

Disposición derradeira

Derrógase a Resolución do 18 de agosto de 2005, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se procede ao vedado da pesca no río Zarzo (DOG nº 173, do 8 de setembro).


Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e manterase vixente ata a publicación da orde correspondente á tempada do ano 2012.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I

Dimensións mínimas do anzol para a pesca con engado natural.



-Salmón

a = 13 mm

b = 14 mm

-Outras especies

a = 6 mm

b = 6,5 mm

ANEXO II

Principais masas de auga habitadas por salmón

Na táboa deste anexo figuran os principais tramos fluviais habitados polo salmón. Nos límites inclúense entre parénteses os concellos nos que se atopan. En todos os casos, a masa de auga comprende o último quilómetro de todos os afluentes do tramo. Na columna titulada km figura a lonxitude aproximada do tramo expresada en quilómetros.

Río	Límite superior	Límite inferior	km
Deza	Presa de Saidres (Silleda e Vila de Cruces)	Desembocadura no río Ulla (Silleda e Vila de Cruces)	18
Eo	Pasarela da Volta da Teixeira, límite superior do couro de Vilarmide (Ribeira de Piñón)	Ponte do ferrocarril Ferrol-Xixón (Ribadeo e Asturias)	53
Landro	Presa de Salto do Can (Ouro e Viveiro)	A Ponte de Portochao, límite inferior do couro de Viveiro (Viveiro)	7,5
Lañas	Salto natural de Fao (Touro)	Xunta co río Ulla (Touro)	3,1
Lérez	Presa da micicentral de Dorna (Cotobade e Campo Lameiro)	Ponte do ferrocarril Vigo-A Coruña (Pontevedra)	27
Liñares	Presa da micicentral denominada Salto da Devesa (A Estrada)	Desembocadura no río Ulla (A Estrada)	4,7
Mandeo	O Tope (Coiros e Paderne)	A Ponte Vella de Betanzos	10
Masma	A Ponte de Vilalbe, límite superior do couro de Mondoñedo (Mondoñedo)	A Ponte da Espiñeira na estrada N-462 (Foz e Barreiros)	23
Ouro	Pasarela de Valmaior, límite superior do couro de Foz (Foz)	Ponte de Fazouro, límite inferior do couro de Foz (Foz)	8
Tea	Lugar de Foxaco, límite superior do couro de Mondariz (Mondariz)	Desembocadura no río Miño (Salvaterra de Miño)	29

Río	Límite superior	Límite inferior	km
Ulla	Presa do Salto nº 2 ou Salto de Touro (Touro e Vila de Cruces)	A Ponte de Catoira (Catoira e Rianxo)	80
Valga	Nacemento (A Estrada)	Desembocadura no río Ulla (Valga)	14

ANEXO III

Principais masas de auga habitadas polo reo

Na táboa deste anexo figuran os principais tramos fluviais habitados polo reo. Nos límites de cada tramo inclúense entre parénteses os concellos nos que se atopan. Na columna titulada «km» figura a lonxitude aproximada do tramo expresada en quilómetros.

Cando a masa de auga inclúe todo o curso dos afluentes existentes no tramo, na columna titulada «Obs.» figura o texto «Afluentes»; nos demais casos, a masa de auga inclúe o último quilómetro de todos os afluentes do tramo.

Río	Límite superior	Límite inferior	km	Obs
Almofrei	Desembocadura do regato de Campolongo ou regueiro de Cachón (Cotobade)	Desembocadura no río Lérez (Pontevedra)	7,4	Afluentes 1 km
Alvedosa	Nacemento (Pazos de Borbén)	Desembocadura (Redondela)	10	Afluentes 1 km

Río	Límite superior	Límite inferior	km	Obs
Anllóns	Ponte Caldas (Ponteceso)	Canteira de Santa Mariña (Ponteceso e Cabana)	6,2	Afluentes
Baleo	Nacemento (Ortigueira)	Ponte do ferrocarril, límite superior da zona de desembocadura (Ortigueira)	22	Afluentes 1 km
Baxoi	Xunta dos ríos Vilarinho e Anduriña (Vilarmaior)	Ponte do ferrocarril, límite superior da zona de desembocadura (Miño)	8,3	Afluentes 1 km
Belelle	A Fervenza do Belelle (Neda e Fene)	Lugar de Subarreiros, límite superior da zona de desembocadura (Neda)	5,4	Afluentes 1 km
Coroño	Nacemento (Lousame)	Desembocadura no mar (Boiro)	13	Afluentes 1 km
Donas	Nacemento (Negreira)	Desembocadura (Outes)	18	Afluentes 1 km
Espasante ou Callobre	Nacemento (Ortigueira)	Desembocadura no mar (Ortigueira)	12	Afluentes 1 km
Do Esteiro	Nacemento (Ortigueira)	Desembocadura no mar (Ortigueira e Mañón)	11	Afluentes 1 km
Eume	Presa do encoro do Eume (As Pontes e Monfero)	Fronte ao km 5 da estrada Pontedeume-A Alameda, límite inferior do couto de Ombre (Pontedeume e Cabanas)	15	Afluentes
Da Furnia	Pontillón augas arriba do cemiterio de Amorín (Tomíño)	Desembocadura no río Miño (Tomíño)	1,7	Afluentes 1 km
Gafos	Confluencia dos ríos Tomeza e Marcón (Pontevedra)	Desembocadura (Pontevedra)	2,6	Afluentes 1 km
De Galdo ou de Bravos	A Ponte de Baralla (Viveiro)	Desembocadura no río Landro (Viveiro)	1,7	Afluentes 1 km
Da Granda ou da Gándara	Desembocadura do río de Rons (Pontevedra)	Desembocadura no río Lérez (Pontevedra)	3,8	Afluentes 1 km
Grande	Presa de Castro Buxán (Vimianzo)	Ponte da Ponte do Porto, límite inferior do couto da Ponte do Porto (Camarínhas)	8	Afluentes
Hospital	Presa da área recreativa da Pedra (Tomíño)	Desembocadura no río Miño (Tomíño)	2,5	Afluentes 1 km
Lambre	Central eléctrica de Goimil (Vilarmaior e Irixoa)	A Ponte do Porco, límite superior da zona de desembocadura (Miño e Paderne)	6,3	Afluentes
Loureiro	A Ponte de Galea (Viveiro)	Desembocadura no río Landro (Viveiro)	1,6	Afluentes 1 km
Louro	A Ponte de Valo (O Porriño)	Desembocadura no río Miño (Tui)	16	Afluentes 1 km
Maceiras	Nacemento (Redondela)	Desembocadura no río Alvedosa (Redondela)	7	Afluentes 1 km
Maior	Nacemento (Ortigueira)	Muño de Lino, límite superior da zona de desembocadura (Ortigueira)	11	Afluentes 1 km
Mera	A Ponte de Soutochán (As Somozas e As Pontes de García Rodríguez)	Lugar de Castro-Areeira (Ortigueira)	26	Afluentes
Mero	Presa de Cecebre (Cambre)	100 m augas abaixo da presa da Barcala, límite superior da zona de desembocadura (Culleredo e Cambre)	10	Afluentes 1 km
Das Mestas e Porto do Cabo	Ponte da estrada AC-102 en Pontellas (Cedeira e Cerdido) e nacemento do Porto do Cabo (Moeche)	A Ponte Vella, límite superior da zona de desembocadura (Cedeira e Valdoviño)	18	Afluentes 1 km
Miñor	A Fervenza da Torre de Chaín, límite superior do couto de Gondomar (Gondomar)	A Ponte da Xunqueira, límite inferior do couto de Gondomar (Nigrán e Gondomar)	6,9	Afluentes 1 km
Oitavén	Presa do encoro das Eiras (Fornelos de Montes e Ponte Caldelas)	Desembocadura no río Verdugo (Soutomaior)	8,3	Afluentes 1 km
De Pedrafigueira	Nacemento (Carnota)	Desembocadura no mar (Carnota)	4,5	Afluentes
Pego	A Ponte Tomiñesa, na estrada local que sae de Tomiño cara ao Torneiro (Tomiño)	Desembocadura no río Miño (Tomiño)	3,1	Afluentes 1 km
Río de Rois, Valeirón ou Liñares	Presa da praia fluvial de Seira (Rois)	Desembocadura no río Sar (Rois)	0,8	
Sar	Desembocadura do río de Rois (Padrón e Rois)	Desembocadura no río Ulla (Padrón)	6,5	Afluentes 1 km
Sóñora	A Ponte da Parcelaria (Lousame)	Muños de Pedrachán, límite superior da zona de desembocadura (Noia)	15	Afluentes 1 km

Río	Límite superior	Límite inferior	km	Obs
Sor	Nacemento (As Pontes e Muras)	Souto de Xancedo (O Vicedo e Mañón)	55	Afluentes
Tambre	Presa Barrié de la Maza (Brión e Negreira)	Desembocadura do regato de Castro, límite inferior do couto de Noia (Noia e Outes)	8,8	Afluentes
Tamuxe	Ponte Urgal, na estrada provincial que sae do Rosal cara a Valdeañotes (O Rosal)	Desembocadura no río Miño (O Rosal)	3,6	Afluentes 1 km
Té	Nacemento (Dodro)	Desembocadura no mar (Rianxo)	12	Afluentes 1 km
Tines	Ponte Sampaio (Outes e Mazaricos)	Peirao do Conchido, límite superior da zona de desembocadura (Outes)	7,8	Afluentes 1 km
Tollo	Ponte da estrada PO-552 (Tomiño e O Rosal)	Desembocadura no río Miño (Tomiño e O Rosal)	2,7	Afluentes 1 km
Uma	Nacemento (A Cañiza)	Desembocadura no río Tea (Pontearreas)	19	Afluentes 1 km
Umia	A Fervenza de Segade (Caldas de Reis)	Ponte Estacas, na estrada C-550 (Ribadumia e Cambados)	29	Afluentes 1 km
Vadebois	Nacemento (Carnota)	Desembocadura no mar (Carnota)	4,6	Afluentes
Verdugo	Presa da central do Inferno (Ponte Caldelas)	Carballeira dos Franceses, no lugar de Comboa, na marxe dereita, e O Cafexo na marxe esquerda (Soutomaior e Pontevedra)	5,6	Afluentes 1 km
Xuvia	Nacemento (As Somozas)	Desembocadura no mar (Narón e Neda)	37	Afluentes

ANEXO IV

Masas de auga de montaña nas que a tempada da troita comeza o 1 de maio

Nas masas de auga delimitadas neste anexo o comezo da tempada da troita adácase ata o 1 de maio. Os límites de encoros son os que se fixan nos anexos VI e VII desta orde e os límites, de coutos son os que se fixan no anexo X. Noutros límites inclúense entre parénteses os concellos nos que se atopan.

Provincia de Lugo

Bacía do Eo

Río Rodil	Augas arriba da confluencia do río Pontigón, incluído este (A Fonsagrada)
-----------	---

Bacía do Miño

Río Neira	Augas arriba do límite superior do couto de Baralla
-----------	---

Bacía do Navia

Río Navia	Augas arriba do límite superior do couto das Nogais
Río Cancelada	Augas arriba do límite inferior do couto de Doiras, incluído este
Río Ser	Augas arriba da Ponte de Vilaquite (Cervantes)
Río Rao	Augas arriba da Ponte das Veigas (Navia de Suarna)
Río Agüeira	Toda a bacía na comunidade autónoma, incluídas as dos seus afluentes Allonca e Candesa (A Fonsagrada)

Bacía do Sil

Río Selmo	Toda a cunca na comunidade autónoma (Folgo do Courel-Quiroga)
Río Lor	Augas arriba do límite inferior do couto do Courel, incluído este
Río Lóuzara	Augas arriba da Ponte de Santalla de Abaixo (Samos)
Río Cabe	Augas arriba da Ponte de Santalla de Trascastro (O Incio)
Río Mao	Augas arriba da estación de captura de Goó (O Incio)

Provincia de Ourense

Bacía do Douro

Río Abredo ou do Pereiro	Toda a bacía, ata a súa confluencia co Pentes/Ribeira (A Gudiña)
Río de Cádavos	Toda a bacía na comunidade autónoma, incluída a do rego das Veigas (A Mezquita)
Río Pentes/Ribeira	Augas arriba da confluencia do regueiro do Fontao, incluído este (A Gudiña)
Río da Ribeiriña	Augas arriba da confluencia do rego de Boelle, incluído este (A Gudiña)
Río Parada	Augas arriba da confluencia do rego da Ribeira Grande, incluído este (A Gudiña)
Río Mente	Augas arriba da Presa do Papeleiro (Riós)

Bacía do Limia

Río Caldo	Augas arriba da xunta co corgo da Fecha do Curro, incluído este (Lobios)
Río de Vilameá (afluente do Caldo)	Augas arriba da Ponte de Porta Paredes (Lobios)
Río de Lobios	Augas arriba da pontella da pista entre Chao das Casas e A Carballiña (Lobios)
Río Cabaleiro	Augas arriba da xunta do río do Chao de Requeixo co corgo da Carballa (Lobios)
Río Salas	Todas as augas que desembocan no encoro de Salas, excluído este
Río Mao (afluente do Salas)	Augas arriba da xunta coa corga da Poza, incluída esta (Lobios)
Río das Mestas ou Fírbeda	Augas arriba da xunta co río da Ponte Maior (Calvos de Randín)
Río Nocado ou Airoa	Augas arriba da confluencia co regato de Guntín, incluído este (Os Blancos)
Río de Faramontaos	Augas arriba da Ponte de Penaguda (Baltar)
Río Agro	Augas arriba da xunta coa corga dos Bois ou de Guxinde, incluída ésta (Entrimo)
Río Montaña ou Pacfn (afluente do Agro)	Augas arriba da xunta coa corga da Ponticela ou de Queguas (Entrimo e Lobios)
Río Fragoso	Augas arriba da xunta co rego dos Pedrouzos (Lobeira)
Río Cadós	Augas arriba do límite superior do couto de Cadós (Bande)

Bacía do Miño

Río Tuño (afluente do Arnoia)	Augas arriba da confluencia do río de Cexo, incluído este (Celanova)
Río Ourille (afluente do Arnoia)	Augas arriba da Ponte de San Pedro (Verea)
Río Deva Grande	Augas arriba da Ponte Retortoiro (Quintela de Leirado)
Río de Crespos ou Gorgúa	Augas arriba da Ponte de Freáns (Padrenda)

Bacía do Sil

Ríos Calir e Malvela	Augas arriba de Robledo da Lastra (Rubiá)
Río Farelos	Augas arriba da Ponte de San Xulián (Vilamartín de Valdeorras)
Río Leira	Augas arriba da xunta co regueiro de Preanes, incluído este (Vilamartín de Valdeorras)
Río Sotillo	Toda a bacía na comunidade autónoma (Carballeda de Valdeorras)
Río Casoio	Todas as augas arriba da xunta dos ríos Valborrás e de Riódolas (Carballeda de Valdeorras)
Regueiro de Candís	Toda a bacía (O Barco de Valdeorras e Carballeda de Valdeorras)
Río Bibeí	Toda a bacía vertente no encoro do Vao, excluído este
Ríos de San Miguel, de San Lázaro, Cabalar, Fiscalfio e Cernado	Todas as súas bacías, ata as respectivas desembocaduras no Bibeí
Río Xares	Toda a bacía e augas que verten no encoro de Prada, excluído este
Río das Azoreiras	Toda a súa bacía, ata a desembocadura no Xares
Río Navea	Toda a bacía e augas que verten no encoro de Guístolas, excluído este
Río Edo	Todas as augas arriba da confluencia dos ríos de Sas de Penelas, Castoi e Ferreiros (Castro Caldelas)
Río dos Vaos	Augas arriba da xunta do río de Vilariño das Uces e o regato do Carballiño (A Teixeira)
Río Mao	Todas as augas que verten aos encoros da Hedrada e Leboreiro, excluídos estes e o couto de Montederramo (Montederramo-Parada de Sil)

ANEXO V

Masas de auga con dimensión mínima da troita de 21 centímetros e cota de captura de 8 exemplares por persoa e xornada (sen prexuízo da normativa específica dos anexos X, XI e XII)

Os límites superiores de encoros son os que se fixan nos anexos VI e VII desta orde. Os límites das zonas

de desembocadura son os do Decreto 282/2002. Os límites de coutos son os que se fixan no anexo X desta orde. Noutros límites, inclúense entre parénteses os concellos nos que se atopan.

Bacía	Masa de auga	Provincia	Límite superior	Límite inferior
Anllóns	Río Anllóns	A Coruña	Límite superior do couto de Verdes	Límite superior da zona de desembocadura
Baixo Miño	Río Tea	Pontevedra	Límite superior do couto de Mondariz	Desembocadura no Miño (Salvaterra de Miño)
Baixo Miño	Río Uma	Pontevedra	Límite superior do couto de Uma	Desembocadura no Tea (Pontearreas)
Eo	Río Eo	Lugo	Límite superior do couto de Vilamide	Límite superior do couto de Pontenova
Eume	Río Eume	A Coruña	Presas do encoro do Eume (As Pontes de García Rodríguez e Monfero)	Fronte ao km 5 da estrada Pontedeume-A Alameda, límite inferior do couto de Ombre (Pontedeume e Cabanas)
Grande	Río Grande	A Coruña	Presas de Castro Buxán (Vimizano)	Límite superior da zona de desembocadura
Lambre	Río Lambre	A Coruña	Central eléctrica de Goimil (Vilamaíor e Irixoa)	A Ponte do Porco, límite superior da zona de desembocadura (Miño e Paderne)
Landro	Río Landro	Lugo	Límite superior do couto de Viveiro	Límite superior da zona de desembocadura
Lérez	Río Lérez	Pontevedra	Presas de Dorna (Campo Lameiro e Cotobade)	Límite superior da zona de desembocadura
Lérez	Río Maneses	Pontevedra	Límite superior do couto de Cutián	Desembocadura no Lérez
Limia	Río Limia	Ourense	Límite superior do couto de Ponteliñares	Límite inferior do couto de Ponteliñares
Limia	Río Limia	Ourense	Presas das Conchas (Lobeira e Muñíos)	Límite superior do encoro de Lindoso (Lobios)
Mandeo	Río Mandeo	A Coruña	Límite superior do couto de Betanzos	Límite superior da zona de desembocadura
Masma	Río Masma	Lugo	Límite superior do couto de Mondoñedo	Límite superior da zona de desembocadura
Mero	Río Mero	A Coruña	Límite superior do couto de Cecebre	Límite superior do encoro de Cecebre
Mero	Río Mero	A Coruña	Presas de Cecebre (Cambre)	Límite superior da zona de desembocadura
Miño	Río Arnoia	Ourense	Límite superior do couto de Allariz	Límite superior do encoro de Frieira
Miño	Río Avia	Ourense	Xunta do río Arenteiro (Bobarás)	Desembocadura no Miño (Ribadavia)
Miño	Río Barbadás ou dos Muñíos	Ourense	Xunta do rego de Santa Olaia (Barbadás)	Desembocadura no Barbaña (Ourense)
Miño	Río Barbantiño	Ourense	Ponte Mandrás, na estrada CV-101 (San Cristovo de Cea)	Desembocadura no Miño (Ourense e Punxín)
Miño	Río Barbaña	Ourense	A Ponte Noalla (San Cibrao das Viñas)	Desembocadura no Miño (Ourense)
Miño	Río Deva	Ourense	Límite superior do couto de Pontedevea	Límite superior do encoro de Frieira
Miño	Río Ladra	Lugo	Límite superior do couto de Begonte	Desembocadura no Miño (Outeiro de Rei)
Miño	Río Loña	Ourense	Presas de Cachamufiña (O Pereiro de Aguiar)	Desembocadura no Miño (Ourense)
Miño	Río Miño	Lugo	Límite superior do couto de Castro de Rei	Límite superior do encoro de Belesar
Miño	Río Miño	Lugo	Presas de Belesar	Límite superior do encoro dos Peares
Miño	Río Miño	Ourense	Presas dos Peares	Límite superior do encoro de Velle
Miño	Río Miño	Ourense	Presas de Velle	Límite superior do encoro de Castrelo de Miño
Miño	Río Miño	Ourense	Presas de Castrelo de Miño	Límite superior do encoro de Frieira
Miño	Río Miño	Ourense e Pontevedra	Límite superior do couto de Frieira	Límite inferior do couto de Frieira
Miño	Río Neira	Lugo	Límite superior do couto de Lánca	Desembocadura no Miño (O Corgo e O Páramo)
Miño	Río Ourille	Ourense	Límite superior do couto de Celanova	Desembocadura no Arnoia (Celanova)
Miño	Río Sarria	Lugo	Ponte da estrada de Samos (Sarria)	Desembocadura no Neira (Lánca e O Páramo)
Miño	Río Tórdea	Lugo	Límite superior do couto de Tórdea	Desembocadura no Neira (O Corgo)
Miñor	Río Miñor	Pontevedra	Límite superior do couto de Gondomar	Límite superior da zona de desembocadura

Bacía	Masa de auga	Provincia	Límite superior	Límite inferior
Navia	Río Navia	Lugo	Límite superior do couto de San Martiño da Ribeira	Límite superior do encoro de Grandas de Salime
Navia	Ríos Suarna e de Lamas	Lugo	Límite superior do couto da Fonsagrada	Límite superior do encoro de Grandas de Salime
Ouro	Río Ouro	Lugo	Límite superior do couto de Foz	Límite superior da zona de desembocadura
Sil	Río Bibeí	Ourense	Presa do Vao (Manzaneda e O Bolo)	Límite superior do encoro de Montefurado
Sil	Río Cabe	Lugo	Límite superior do couto de Monforte	Límite superior do encoro de San Pedro
Sil	Río Lor	Lugo	Ponte Baldomir, na estrada LU-P-1901 (Folgozo do Courel)	Límite superior do encoro de Santo Estevo
Sil	Río Sil	Lugo e Ourense	Todo o seu percorrido pola comunidade autónoma, agás encoros	
Tambre	Río Tambre	A Coruña	A Ponte de Brates (Boimorto e Frades)	Límite superior do couto de Ponte Maceira
Tambre	Río Tambre	A Coruña	Presa do encoro de Barrié de la Maza (Brión e Negreira)	Límite inferior do couto de Noia
Támega	Río Támega	Ourense	Xunta do río Vilaza (Verín)	Fin do tramo internacional (Verín)
Traba	Río Traba	A Coruña	Límite superior do couto de Traba	Límite superior da zona de desembocadura
Ulla	Río Deza	Pontevedra	Presa de Saldres (Silleda e Vila de Cruces)	Desembocadura no Ulla (Silleda e Vila de Cruces)
Ulla	Río Sar	A Coruña	A Ponte de Chave, na estrada AC-300 (Brión)	Desembocadura no Ulla (Padrón)
Ulla	Río Ulla	A Coruña e Pontevedra	Presa de Portodemouros (Arzúa e Vila de Cruces)	Límite superior da zona de desembocadura
Verdugo	Río Oitavén	Pontevedra	Límite superior do couto de Soutomaíor	Desembocadura no Verdugo
Verdugo	Río Verdugo	Pontevedra	Límite superior do couto de Soutomaíor	Límite superior da zona de desembocadura
